



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVICIO DE AUTOTAXI DO CONCELLO DE BARBADÁS**

A Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias e en aras á adaptación á Directiva 2006/123/CE do Consello Europeo do 12 de decembro recibe un mandato para que regule as actividades de transporte público de persoas en vehículos de turismo cosa que materializa na lei 4/2013 do 30 de maio. Non obstante esta lei, que regula o taxi na nosa Comunidade Autónoma reconece certas competencias dos Concellos no ámbito dos Autaxis as cales deben de ser reguladas na correspondente Ordenanza Municipal. Ditas ordenanzas xunto coa Lei 4/2013 e o resto de normativa aplicable, de maneira subsidiaria, regularían a actividade do Autotaxi.

É por iso que o Concello de BARBADÁS dita a presente Ordenanza de Autotaxis do Concello de Barbadás.

#### **TÍTULO I. DAS LICENZAS.**

**ARTIGO 1-** Será requisito previo para a prestación do servizo obxectos da presente Ordenanza:

- 1) Estar en posesión da correspondente licenza municipal de Autotaxi, outorgadas polos Concellos ou polo Órgano Competente dunha área de prestación conxunta e que faculta aos/ás titulares á prestación de servizos urbanos.
- 2) Ser titular da Autorización interurbana que outorgará a entidade competente da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante un procedemento coordinado e debidamente regulado na Lei 4/2013 da Xunta de Galicia.

**ARTIGO 2-** O número de licenzas estará determinado pola necesidade e a conveniencia do servizo para prestar ao público, polo equilibrio entre a oferta e a demanda e pola sustentabilidade da súa explotación.

A efectos de continxencia estarase aos criterios marcados na Lei 4/2013.

**ARTIGO 3-** Adxudicación das licenzas de Autotaxi.

Serán outorgadas polo Concello de Barbadás ou, se fose o caso, pola área de prestación conxunta correspondente, mediante concurso público e respectando o disposto no artigo 8 e sucesivos da lei 4/2013 no que respecta a criterios de preferencia na adxudicación, limitacións máximas de licenzas por titular, suspensión e extinción das licenzas.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **ARTIGO 4- Transmisión dos títulos habilitantes.**

Tras a autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizo de taxi serán transmisibles a calquera persoa que o solicite e cumpra os requisitos expostos na presente ordenanza e os contidos na Lei 4/2013. Esta transmisión non terá a consideración de outorgamiento/ outorgamento de novos títulos. O procedemento de transmisión será o estipulado na normativa autonómica.

### **TÍTULO II-DAS TARIFAS.**

**ARTIGO 5-** A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime tarifas que serán obrigatorias para titulares de licenza, condutores e para os usuarios.

**ARTIGO 6-**As tarifas de aplicación no ámbito urbano serán fixadas polo Concello de Barbadás, ou polo órgano competente da área de prestación conxunta, se fose o caso.

Para percorridos interurbanos será de aplicación a tarifa establecida a nivel autonómico pola Consellería competente en materia de transporte de vehículos de turismo, oído o Consello Galego do Transporte.

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.

### **TÍTULO III -DOS VEHÍCULOS**

**ARTIGO 7-**Os vehículos dedicados á actividade de taxi no Concello de Barbadás deberán de estar clasificados como turismo e deberán de cumprir con todos os requisitos esixidos na normativa autonómica en canto a condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e ás prestacións adecuadas ao servizo ao cal están adscritos.

**ARTIGO 8-** Número de prazas.

Con carácter xeral o número de prazas será dun máximo de cinco, incluíndo ao condutor. Poderán autorizarse vehículos de 7 prazas pero deberían de ser, en todo caso, vehículos adaptados para o transporte de persoas con mobilidade reducida coñecidos como Eurotaxi.

**ARTIGO 9-** Substitución de vehículos.

Deberá de solicitarse ao Concello de Barbadás para que o faga constar no seu rexistro. En todo caso o vehículo ha de ser máis novo que o vehículo anterior e non terá unha antigüidade superior a 2 anos desde a primeira matriculación. A antigüidade máxima para a prestación do servizo será de 10 anos desde a data da primeira matrícula.

**ARTIGO 10.** Imaxe e características dos vehículos.

Os vehículos deberán de ter catro portas as cales dispoñerán dun mecanismo que permita subir e baixar os vidros a vontade do/a usuario/a.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

Tanto o interior como o piso dos vehículos serán dea materiais que permitan unha fácil limpeza e deberán estar en perfectas condicións.

Os vehículos deberán de portar adherido nas portas dianteiras o escudo do Concello de Barbadás así como o número da licenza municipal en cor negra cun tamaño de 5 cm. de altura e o trazo do número de 0.5 cm. de ancho.

Os vehículos taxis do Concello de Barbadás deberán de levar instalado un equipo taquicronográfico debidamente homologado, verificado e precintado con repetidor exterior para clarificación externa da tarifa aplicada en cada momento. Terán que portar un exemplar das tarifas urbanas en vigor selado polo Concello de Barbadás e un exemplar das tarifas aplicables a percorridos interurbanos establecida pola autoridade competente da Consellería de Transporte da Xunta de Galicia.

Os vehículos taxis do Concello de Barbadás serán do cor branco, agás os que con anterioridade á aprobación definitiva desta ordenanza se atopen en servizo e teñan distinta cor.

Deberán ir provistos dun extintor de incendios.

A instalación de publicidade requiriría a previa autorización Municipal ou, se fose o caso, do órgano competente da área de prestación conxunta.

### **TÍTULO IV DOS/DAS CONDUTORES/AS.**

ARTIGO 11. Para a prestación do servizo obxecto da presente ordenanza será necesario estar en posesión do permiso municipal correspondente.

ARTIGO 12. Para a obtención do permiso municipal de taxista do Concello de Barbadás o/a solicitante deberá de cumprir:

-Solicitude do permiso ao/á Alcalde/sa do Concello de Barbadás.

-Acreditar as seguintes condicións:

- a) Boa conduta, mediante certificación expedida pola autoridade competente.
- b) Non cometer ningún delito durante os dous anos anteriores á data de solicitude do permiso municipal de conducir, acreditado mediante certificación expedida polo Ministerio de Xustiza.
- c) Non padecer enfermidades infectocontagiosas/infectocontaxiosas ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, que acreditará mediante certificado expedido polo Colexio Oficial de Médicos.
- d) Posuír o permiso de conducir esixido no seu momento para o exercicio da actividade.

ARTIGO 13. O permiso municipal terá unha validez de 5 anos, ao termo dos cales poderá ser renovado a solicitude dos seus titulares.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

A renovación será automática para todos aqueles que acrediten, mediante o permiso de conducir e a certificación das súas cotizacións á Seguridade Social, ou á Mutua Laboral de Traballadores Autónomos, que desempeñaron a profesión por un período mínimo dun ano.

ARTIGO 14. A administración municipal, ou no seu caso o órgano competente dunha área de prestación conxunta, levará o control dos permisos municipais de conducir expedidos e no devandito rexistro iranse anotando as distintas incidencias dos seus titulares.

A efectos rexístralles os titulares de licenzas deberán de comunicar as altas e baixas dos/as seus/súas condutores/as nun prazo non superior a oito días.

### TÍTULO V. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

ARTIGO 15. Independentemente da lexislación laboral regulada pola regulación pertinente os/as condutores/as de vehículos que se rexen por esta ordenanza están obrigados/as a cumprir estritamente as súas disposicións así como todo o disposto no resto da normativa aplicable,

ARTIGO 16. Os vehículos deberán de prestar servizo de maneira continuada sen prexuízo das quendas de descanso establecidos.

Poderase interromper a prestación do servizo por unha causa grave, debidamente xustificada por escrito ante a autoridade competente, durante un prazo que non exceda de trinta días consecutivos ou sesenta alternos polo período dun ano. Non se entenderá como causa non xustificada a solicitude dunha excedencia regulada na lei 4/2013 nin tampouco se considerará interrupción o período de vacacións que deberá ser inferior a 30 días ao ano.

ARTIGO 17. O/A Alcalde/sa ou a autoridade competente, en caso de área de prestación conxunta, tras escoitar aos representantes do sector, poderán establecer as medidas de organización e control que estimen oportunas para a mellora do servizo e, atendendo ás necesidades públicas, determinar o horario mínimo dos servizos para prestar, regular os días de descanso ou de vacacións estivais, garantindo sempre a continuidade do servizo.

ARTIGO 18. A Autoridade competente poderá sinalar os servizos mínimos obrigatorios que prestará cada vehículo, comprobando a efectividade mediante os medios que teña á súa disposición.

ARTIGO 19. A Autoridade competente poderá indicar as localizacións de vehículos autotaxi con indicación do número de vehículos que deben estacionarse en cada unha delas.

ARTIGO 20. Os/as condutores/as que fosen requiridos para prestar servizo estando libres non poderán negarse a facelo salvo polas causas esgrimidas na Lei 4/2013.

ARTIGO 21. Durante a presentación do servizo os condutores deberán ir provistos dos seguintes documentos:

A) Referentes ao vehículo:





## CONCELLO DE BARBADÁS

### 1. Licenza

1. Permiso de circulación do vehículo.
2. Pólizas de seguros en vigor.
3. Aparello taquicronográfico homologado revisado e precintado pola entidade competente en materia de inspección técnica de vehículos.
4. Módulo exterior repetidor de tarifa. Deberá de levar a palabra taxi e a indicación verde de taxi libre ou, se está en servizo, indicar a tarifa que está a utilizar o taxímetro.
5. Impresora que permita emitir ticket polo importe do servizo prestado.
6. Datáfono para cobros mediante cartóns de crédito, débito.

### B) Referentes ao condutor:

1. Permiso de conducir segundo a categoría esixida no código da circulación.
2. Permiso municipal de conducir, no que necesariamente deberá de estar autorizado para conducir o vehículo que leva.

### C) Referentes ao servizo.

1. Libro de reclamacións
2. Un exemplar da presente ordenanza.
3. un exemplar da tarifa vixente.
4. Un exemplar da Lei 4/2013

ARTIGO 22. Os/as condutores/as deberán de revisar o interior do vehículo cada vez que se desocupe, co fin de comprobar se algún obxecto do usuario extraviouse no interior e entregarllo ao ocupante. Se non se puidese entregar no momento terá que entregalo nas dependencias da policía local de Barbadás no prazo de 24 horas desde o momento en que o atopase.

### PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 23. Para os efectos desta ordenanza considérase falta toda infracción das obrigacións recollidas nela ou das instrucións que se ditén en relación co servizo.

As faltas cometidas polos titulares das licenzas e polos condutores poderán ser:

- Leves
- Graves
- Moi graves.

ARTIGO 24. Faltas imputables aos condutores.

#### I Faltas Leves:

- a) Non levar a documentación persoal esixida nesta ordenanza.
- b) Fumar no interior do vehículo.





## CONCELLO DE BARBADÁS

- c) Descoidarse no aseo persoal.
- d) Discusións con compañeiros de traballo.

### II Faltas graves:

- 1- Non prestar o servizo mínimo obrigatorio segundo o establecido nesta ordenanza.
- 2- Estacionar na parada se non se está de servizo.
- 3- Negarse a mostrar o libro de reclamacións cando fose requirido para iso.
- 4- Negarse a prestar servizo estando libre.
- 5- Conducir co permiso municipal caducado.
- 6- A desconsideración grave no trato cos usuarios do servizo ou cos compañeiros.
- 7- Non respectar os horarios do servizo fixados ou calquera outra norma de organización ou control establecida.

### III Faltas moi graves

- a) Provocar un accidente e darse á fuga.
- b) Incumprir o réxime tarifario estipulado.
- c) Conducir ebrio/a ou baixo os efectos de sustancias tóxicas.
- d) Negarse a prestar auxilio a feridos ou accidentados.
- e) Conducir nos supostos de revogación do permiso municipal de conducir.
- f) Abandonar ao viaxeiro sen prestar o servizo para o que foi requirido sen causa xustificada.
- g) A comisión de delitos cualificados polo código penal como dolosos en relación co exercicio da súa profesión.
- h) Prestar servizo os días de descanso.
- i) Cometer catro faltas graves no prazo dun ano.
- j) Non entregar os obxectos perdidos á Autoridade no prazo sinalado.

ARTIGO 25. As infraccións establecidas no artigo 23 desta ordenanza serán obxecto das sancións seguintes:

Para as faltas Leves:

- 1- Amoestación.
- 2- A suspensión do permiso municipal de conducir ata 15 días.

Para as faltas graves:

- 1- A suspensión da licenza municipal de conducir de tres a seis meses.

Para as faltas moi graves:

- 1- A suspensión da licenza municipal ata un ano.





## CONCELLO DE BARBADÁS

2- A retirada definitiva da licenza municipal.

As infraccións comprendidas nas letras c,d,e,f,e g do apartado III comportarán, en todo caso, a retirada definitiva do permiso municipal de conducir.

ARTIGO 26. Serán faltas imputables aos titulares de licenzas.

### I LEVES.

- a) Non esixir o mantemento do vehículo, en todo momento, nas debidas condicións de limpeza e funcionamento.
- b) Non levar a documentación esixida ao titular da licenza segundo esta ordenanza.
- c) As establecidas no apartado 1 do artigo 22, cando o titular da licenza sexa o condutor do vehículo.

### II GRAVES.

- a) Que o vehículo non porte placas SP
- b) Carencia de placas interiores identificativas.
- c) Prestar servizo sen que o vehículo estea en condicións para iso.
- d) Non respectar os horarios de servizos fixados ou calquera outra norma de organización ou control establecidas.
- e) Non comunicar á administración municipal os cambios no seu domicilio.
- f) Non comunicar altas e baixas de condutores e vehículos.
- g) As establecidas no artigo 22 apartado II cando o titular da licenza fose o condutor do vehículo.
- h) Colocar publicidade nos vehículos sen autorización municipal.

### III MOI GRAVES.

Deixar de prestar servizo ao público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos no prazo dun ano, salvo que se solicitou debidamente a oportuna excedencia.

- Non ter a titularidade da licenza concertada ou non ter a póliza de seguros en vigor.
- Arrendamento, aluguer ou a cesión das licenzas que supoña unha explotación non autorizada por esta ordenanza así como as transferencias de licenzas non autorizadas por ela.
- A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de conducir.
- Permitir a presentación do servizo nos supostos de suspensión, revogación temporal, etc da licenza ou do permiso municipal de conducir.
- As establecidas no artigo 22 apartado III cando o titular da licenza sexa o/a condutor/a do vehículo.
- Prestar servizo os días de descanso.





## CONCELLO DE BARBADÁS

ARTIGO 27. As infraccións establecidas no artigo anterior serán obxecto das seguintes sancións:

Para as faltas Leves.

- 1- Amoestación
- 2- Suspensión da licenza municipal ata 15 días.

Para as faltas graves:

- 1-A suspensión da licenza municipal de conducir de tres a seis meses.

Para faltas moi graves.

- 1- A suspensión da licenza municipal ata un ano.
- 2- A retirada definitiva da licenza municipal.

As infraccións comprendidas nos apartados a),b),c),d) e e) das tipificadas como moi graves no artigo anterior comportarán, en todo caso, a retirada da licenza municipal.

ARTIGO 28. O procedemento sancionados que poderá iniciarse de oficio ou a solicitude de particulares, centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de consumidores e usuarios, desenvolverase conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro e do Real Decreto 1398)1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 29. Todas as sancións, incluso as Amoestacións, serán anotadas nos expedientes persoais dos/as titulares das seguintes e dos/as condutores/as.

ARTIGO 30. Os/as titulares das licenzas e condutores/as poderán solicitar a cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que se observase unha boa conduta e cumprise a sanción, unha vez transcorrido 1 ano, se se trata de falta leve, dúas desde a imposición dunha falta grave.

ARTIGO 31. Así mesmo anotaranse nos expedientes dos/as titulares das licenzas e dos/as condutores/as aqueles feitos que se consideren dignos de premio. Estas resolucións teranse en conta na resolución dos expedientes sancionadores que se instrúan, así como nos pedimentos de carácter gracial que solicitasen os/As afectados/as.

Barbadás, 9 de xaneiro de 2017

O ALCALDE

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval

